

# Torturas e malos tratos no Centro Penitenciario da Lama

O presente relatorio ten por finalidade expor de maneira sucinta feitos que foron obxecto de denuncia por internos do Centro Penitenciario da Lama (Pontevedra) e que pola súa natureza poderían ser cualificados como delitos de tortura, contra a integridade moral, rigor innecesario e lesións, todos eles supostamente cometidos entre 2005 e agosto de 2016 por funcionarios destinados no citado centro e denunciados ante a Xurisdición ou ante colectivos de avogados que visitan regularmente o penal.

Consígnanse así mesmo algunhas das máis importantes deficiencias do penal en materia de asistencia médica, infraestruturas, programas de actividades, etc., que afectan de maneira directa, e grave, as condicións de vida das persoas internas.

## 1.- O Centro Penitenciario da Lama (Pontevedra)

O centro penitenciario da Lama está situado no municipio da Lama (provincia de Pontevedra), no lugar de Racelo.

Foi inaugurado en 1998. A superficie total edificada é de 86.081 e o conxunto do recinto ocupa 361.430 m<sup>2</sup>. Ten capacidade para albergar 1.211 persoas (1.080 internas, 86 no módulo de ingresos, saídas e tránsitos, 81 na enfermaria e 36 no módulo de isolamento).

A competencia en materia de vixilancia penitenciaria corresponde ao Xulgado de Vixilancia penitenciaria núm. 2 de Galiza, con sede en Pontevedra. A competencia en materia penal corresponde aos xulgados de Instrución de Pontevedra.

Nos primeiros anos deste século, o penal da Lama figuraba entre os tres centros penitenciarios do Reino de España que concentraban maior número de suicidios (xunto co de Zuera e o Psiquiátrico penitenciario de Alacant) : 36% do total de todos os cárceres do Reino de España, a pesar de aloxaren entre os tres só o 4% do total da poboación penitenciaria (Relatorio Oficina do Defensor del Pueblo 2007. Ver tamén relatorio da Central Penitenciaria de Observación de 2011).

En xuño de 2012, o elevado número de mortes acontecidas durante o ano anterior por suicidio ou outras causas (un mínimo de oito segundo a información que obra en poder EsCULcA) e a introdución de métodos expeditivos para abordar os problemas de convivencia -sobre todo no módulo de isolamento, onde frecuentemente se utiliza o encadeamento prolongado-, o abuso deste réxime punitivo, aplicado de maneira inxustificada e automática, así como a actitude agresiva de funcionarios, están na orixe do importante aumento que experimentaron nos últimos anos as denuncias por malos tratos, expresadas nalgunhas ocasións como último recurso en forma de prolongadas folgas de fame. Unha situación que motivou varias iniciativas parlamentares e a abertura de dilixencias na Fiscalía de Pontevedra.

Por outra banda, como se indica nas apartado **Condicións de vida no interior do penal**, outros importantes motivos de preocupación do Observatorio están relacionados coas reiteradas

queixas que nos chegan sobre a pésima calidade da asistencia sanitaria e a insana alimentación que se proporciona ás persoas recluídas, así como as serias deficiencias nas estruturas con graves repercusión sobre as súas condicións de vida e a inexistencia de programas de actividades para as persoas clasificadas en primeiro grao de tratamento, queixas cuxo fundamento puido constatar EsCULcA no ano 2012 no curso dun exame rutineiro dos cárceres situados na Galiza segundo se recolle no escrito de queixa dirixido ao director do C.P. da Lama e á *Defensora del Pueblo* o 10/12/2012 (ver anexo).

É obrigado consignar que o escrito non recibiu resposta.

### **Visita de representantes da Defensoría del Pueblo**

Posteriormente, EsCULcA tivo coñecemento da visita, en novembro de 2012, dunha delegación da Defensoría do Pobo ao penitenciariopara inspeccionar varias dependencias, entre elas o módulo de isolamento, e manter entrevistas con diferentes internos. Dado o interese que o resultado desta inspección tería para o traballo que leva a cabo o observatorio, o 26/12/2012 EsCULcA solicitou ao propio organismo información sobre as conclusións da visita. Tampouco este escrito obtivo resposta.

## **2.- Casos de abusos, malos tratos e tortura (2005-2016)**

### **Caso M.F.**

O **21 de Xuño de 2005**, M.F. é hospitalizado na enfermaría do cárcere da Lama despois de engolir dúas pilas e queimar o colchón da súa cela. O interno, que padece Sida, pretendía así protestar polas duras condicións a que era sometido na cela de isolamento onde fora recluído a raíz dun altercado con outro interno. Durante os meses que se prolonga a reclusión neste módulo as súas defensas baixan de 255 a 6 debido sobre todo, segundo todos os indicios, á falta de atención médica adecuada.

Esta circunstancia, e o constante acoso ao que é sometido polos funcionarios do centro, deciden a M.F. a autolesionarse como única medida ao seu alcance para protestar pola situación. A excesiva demora dos médicos en extraerlle as pilas provoca ao recluso dous úlceras sangrentas.

O 29 de xuño volve ser vítima de acoso. Finalmente, o 1º de Xullo, cando sae da sala de TV e despois de pasar polo arco detector, é abordado por seis funcionarios (algúns deles en servizo o 21 de Xuño) que lle din que van sometelo a unha inspección corporal e indícanlle que se poña de cara contra a parede con pernas e brazos abertos. Nesta postura, un dos funcionarios agárrao polos testículos e cando a interno pregunta que pasa recibe unha forte labazada que o bota ao chan. Unha vez caído, danlle pontapés, písanlle a cabeza e -alxemado- lévano á cela 20 onde o deixan amarrado de pés e mans á cama até as 21:00 horas.

Sobre as 19:00 horas, chega a médica á porta da cela, pregúntalle onde lle doe e marcha. Máis comunicativo móstrase o Director do centro que aproveita a visita non para interesarse sobre a situación do interno e coñecer a súa versión dos feitos senón para recriminarlle a súa actitude.

O 14 de Xullo, isto é pasadas dúas semanas desde a agresión, o avogado de M.F. constata que este aínda ten erosións nas pernas e ombro esquerdo e presenta denuncia no Xulgado de Pontevedra.

## **Caso S.C.**

O **26 de Abril de 2006**, funcionarios do centro penitenciario comunican a S.C. , nacional de Albania, que vai ser trasladado a outra cela por motivos de seguridade. O preso discute esta decisión, por carecer -afirma- de base que a xustifique, o que, a pesar de que a obxección é formulada en ton respetoso, provoca o seu traslado inmediato a unha cela de isolamento provisional onde permanece até o 2 de maio, momento en que é conducido novamente ao seu módulo (núm. 14).

No día seguinte, 3 de maio, ao redor das 8:30 da mañá, seis funcionarios armados de porras entran na cela e agriden ao interno causándolle feridas e hemorraxias en orellas e boca. A continuación lévano novamente á cela de isolamento.

EsCULcA ten coñecemento destes feitos, por denuncia do propio afectado, o 30/05/2006 e informa de inmediato á embaixada de Albania en Madrid, instando os responsábeis diplomáticos a interesarse pola situación de S.C. para esclarecer os feitos e previr novas agresións.

A embaixada responde rapidamente que solicitará o esclarecemento dos feitos e tomará medidas para evitar novos abusos, mais cando chega esta resposta, S.C. encóntrase xa noutro centro penitenciario onde fora trasladado, seguindo un guiión ben coñecido cuxo propósito é evidente: obstaculizar a investigación e evitar que as persoas presas poidan recibir apoio do exterior.

## **Caso J.R.C.**

En **novembro de 2010**, colectivos de defensa dos dereitos civís e os dereitos humanos, solicitan a posta en liberdade de J.R.C., interno no CP da Lama, debido ao seu grave estado de saúde.

A solicitude fundaméntase nos arts. 15 (personalidade da pena) e 25, da Constitución Española, que outorga ás persoas condenadas a prisión a protección xeral de todos os seus dereitos que non estiveren limitados por fallo condenatorio, no art.92 do Código Penal.

## **Caso V.L.M.D.**

No **6 de agosto de 2011**, V.L.M.D. presenta denuncia por tortura no Xulgado de Garda de Pontevedra polos abusos a que foi sometido o día 17 de xuño no módulo de isolamento desta prisión, onde fora trasladado a raíz da discusión que mantivo cun funcionario (A.), ao que chamara mentireiro pola súa intervención nun incidente anterior con outro interno.

Chegado ao módulo de isolamento, cando estaba a tirar os cordóns dos zapatos, V.L.M.D. é agredido fisicamente por A. e despois obrigado a espirse. En roupa interior, é introducido na temida cela 40, un cubículo especialmente preparado para manter persoas amarradas a unha cama encastrada no chan.

Xa no interior da cela, V.L.M.D. é amarrado de pés e mans boca abaixo e forzado a permanecer nesta posición máis de 8 horas, sen que durante todo este tempo lle sexa permitido ir ao cuarto de baño, o que o obriga a orixinar na cama.

A crueldade desta inxustificábel medida resulta aínda agravada pola doenza pulmonar obstrutiva crónica que padece V.L.M.D., aflicción de que tivo unha reagudización o mes de abril anterior e que é unha das causas da declaración de minusvalía que ten recoñecida, como consta nos

documentos que xunta á súa denuncia.

Subliña V.L.M.D. no texto presentado ao Xulgado de Pontevedra que a súa estadía na cela foi gravada por unha cámara instalada no interior que foca directamente a cama.

### **Caso J.J.N.R.**

J.J.N.R. denuncia que o **23 de marzo de 2012**, cando estaba convalecente dun grave episodio de convulsións epilépticas, e despois dun rexistro na súa cela en que os funcionarios atiraron ao chan todas as súas pertenzas e romperon parte dos seus obxectos persoais, como tardaba en cumprir a orde de traslado ao outro módulo, foi reiteradamente golpeado e, unha vez chegado ao módulo de isolamento, obrigado a espirse e facer flexións. Unha vez ingresado no módulo, é obrigado a permanecer nunha cela varias horas até que a médica ordena o seu traslado á enfermaría.

J.J.N.R. presenta no Xulgado de Garda denuncia por torturas, malos tratos e danos.

### **Caso R.F.P.**

O **26 de marzo de 2012**, R.F.P., doente con padecimentos intestinais (perdeu 20 quilos en tres meses) e a tratamento con medicación por padecementos psíquicos, é levado a isolamento por un incidente leve con outro interno a pesar do seu estado de saúde, á vez que se lle suprime de golpe toda a medicación que tiña pautada.

### **Caso R.A.B.**

O **27 de marzo de 2012** R.A.B. é golpeado e arrastrado polo chan por varios funcionarios, o que lle provoca feridas na cella esquerda que precisan puntos de sutura, erosións graves na cara e hematomas nos pulsos e nocellos. É amarrado á cama polos pés e as mans e golpeado nas plantas dos pés e no estómago. Permanece nesa situación 15 horas. Despois é ingresado nunha cela de isolamento, sen ser visitado polo médico.

O día 4 de abril R.A.B. presenta no Xulgado de Garda denuncia por torturas, malos tratos e lesións.

### **Caso J.C.S.**

O **29 de xuño de 2012**, cando realiza labores de limpeza no Módulo 1, J.C.S. queda atrapado pola porta da cela, preso polo pescozo durante uns 5 minutos. Entra en coma por asfixia e é ingresado no hospital. Quedan como secuelas unha lesión crónica do plexo braquial dereito con afectación moi severa das ramas superiores C5-C6 e severa das ramas inferiores C7 e D1, o que lle supón unha limitación importante do brazo dereito, do ombro dereito, tremor á elevación, perda de sensibilidade e perda de forza na man.

A causa do accidente foi o fallo do mecanismo de seguridade de retroceso antiatascamento da porta, tendo sido acreditada a ausencia de supervisión pola Inspección penitenciaria das dúas empresas (ISOLUX e TIS) contratadas para o mantemento dos sistemas de automatización das portas das celas. Desde 2010 as dúas empresas discrepaban sobre cal das dúas era a encargada do mantemento da parte electromecánica e dos autómatas do sistema, o que produciu que ningunha delas o fixera.

O interno presenta reclamación patrimonial por anormal funcionamento dos servizos

públicos e obtén indemnización.

### **Caso M.T.F.**

O **12 de xaneiro de 2013**, varios funcionarios agredirían M.T.F. nos módulos XV e XIV. Un grupo de familiares e amigos de M.T.F. denuncia que este leva varias semanas alxemado á cama boca abaixo sen que lle sexa permitido sequer ir ao cuarto de baño, o que os funcionarios aproveitan para rir del, humillalo e botarlle caldeiros de auga fría.

Ante a verosimilitude da versión do interno, avalada polo testemuño doutras persoas que confirman que, con posterioridade á agresión, M.T.F. presentaba sinais evidentes de ter sido vítima de numerosas pancadas, o 20/01/2013 EsCULcA insta a actuación inmediata do Xulgado de Garda de Pontevedra, solicitando que se reciba o máis axiña posíbel declaración a T.F. e ás testemuñas J.C.C. e F.D. e se reclame dos Servizos Médicos Penitenciarios informes relativos ao estado de M.T.F. correspondentes aos días 11 e 18/01/2013, tendo en conta que os feitos narrados por estas persoas poderían ser constitutivos dun delito de torturas ou tratamento degradantes (arts. 173 e 174 do C.P.) e dun delito de lesións (art. 147 do C.P.).

Pola súa banda, familiares e amigos presentan denuncia nos Xulgados de Pontevedra e solicitan publicamente que se curse e investigue a denuncia interposta por un suposto delito de Torturas, Trato Degradante e Lesións, que se reciba declaración en sede xudicial a M.T.F. e ás testemuñas e que M.T.F. sexa recoñecido por un médico forense.

### **Caso G.B.S.**

Ou **5 de setembro de 2013**, G.B.S. é trasladado ao módulo de isolamento despois de negarse a ir falar cun funcionario que requería a súa presenza fóra do seu módulo. Ao día seguinte notifícaselle unha sanción por ameaza de morte a un funcionario e aplícaselle o art. 75.1 RP.

G.B.S. négase a asinar a notificación e a súa actitude provoca a chegada de 4 funcionarios, armados con porras e amparados por cascos e escudos, que lle ordenan pór as mans fóra da porta de seguridade para ser alxemado. O que o preso fai sen opor resistencia.

A continuación é trasladado a unha cela especial onde o amarran á cama e o obrigan a permanecer inmovilizado 14 horas (desde as 21:00 do día 6 até as 11:00 do día 7 de setembro).

O seu avogado interpón denuncia por estes feitos perante o Xulgado de Garda de Pontevedra.

### **Caso E.S.do P.**

E.S.do P. denuncia que o **5 de febreiro de 2014**, 5 días despois da súa chegada ao penal da Lama, é sometido a torturas por varios funcionarios.

A información é facilitada ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo.

### **Caso M.B.**

En **abril de 2014**, despois dun intento de fuga, M.B., nacional de Marrocos, é amarrado espido á cama de suxeción e obrigado a permanecer así 3 días.

Posteriormente, en xuño do mesmo ano, morre no cárcere da Lama un interno desta nacionalidade. Todo indica que se trata do mesmo individuo que tería sido sometido a continuos baños fríos e outras torturas, o que lle tería provocado unha pneumonía por hipotermia e posteriormente, ao agravarse a doenza, a morte.

### **Caso J.S.R.**

Segundo denuncia de J.S.R. ao seu avogado., o **12 de agosto de 2014** é sometido a tortura mentres está atado boca abaixo na cama de sujeción: golpes na planta dos pés con porras, puñadas nas costas, presión dixital tras o lóbulo da orela, graves mazaduras pola presión das cinchas de sujeción, ...

### **Caso D.M.L.**

D.M.L. denuncia ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo ter sido obxecto de torturas o **14 de agosto de 2014**. Non constan máis datos.

### **Caso R.G.G.**

A **finais de 2014**, R.G.G. é transferido ao módulo de isolamento sen mediar ningún tipo de infracción que puidese eventualmente xustificar a medida. Con 21 anos en prisión e data de cumprimento de condena aínda afastada, R.G.G. está clasificado en primeiro grao, o réxime penitenciario de castigo. Despois dun longo período sen ser sancionado, o que facía posíbel a clasificación en segundo grao e a posibilidade de saír de permiso, prodúcese este traslado que pode ter graves repercusións na súa situación penal.

O comportamento arbitrario dos responsabeis do centro penitenciario provoca que os compañeiros de módulo manifesten a súa indignación e, en sinal de protesta, atrasan o inicio das tarefas de limpeza, xesto cualificado polos funcionarios do cárcere como “*conato de motín*”. Aínda que non tivese participación algunha na acción de protesta por atoparse xa nese momento no módulo de isolamento, R.G.G. é acusado de incitación a rebeldía.

Encerrado na mesma cela en que morreu en abril do ano anterior E.G.S. en circunstancias que aínda non foran esclarecidas e estaban baixo investigación xudicial, R.G.G. recibe desde o primeiro día ameazas dalgúns funcionarios (“Xa sabes quen estaba aí, ti verás como queres acabar”).

Unha situación que só se resolve cando persoas próximas ao recluso presentan queixas. Nese momento R.G.G. é trasladado a outra cela.

En **febreiro de 2015**, un mes despois do traslado, notifícase a R.G.G. a imposición de tres sancións moi graves como suposto promotor dun “motín” que en realidade, segundo afirmación de testemuñas presenciais, nunca chegou a producirse e en que R.G.G. en ningún caso podería participado por non estar presente no lugar dos feitos.

As probas que acreditan estes feitos nunca chegaron a ver a luz por temor ás represalias.

Pola información de que dispomos, R.G.G. estaría actualmente no cárcere de Mansilla de las Mulas.

### **Caso A.V.M.**

En **xaneiro de 2015** A.V.M. presenta denuncia por torturas padecidas a finais de decembro de 2014.

Segundo o texto da denuncia, A.V.M. tería sido obxecto de insultos racistas, golpes no peito e na planta dos pés propinadas por funcionarios da prisión na cela de suxeición á que fora trasladado.

En maio de 2015 a denuncia é arquivada polo Xulgado de Instrución núm. 4 de Pontevedra.

#### **Caso R.M.H.**

En **xaneiro de 2015** R.M.H. denuncia ante do Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo vulneración constante de dereitos e malos tratos continuados, falta de roupa, exposición a temperaturas extremadamente baixas, extorsión sistemática por parte de funcionarios, hora de patio en soidade e, na ala curta, imposibilidade de saír ao aire libre os días de choiva.

#### **Caso R.N.L.**

O **12 de marzo de 2015**, R.N.L. é agredido por funcionarios cando está no módulo de isolamento e despois é obrigado a permanecer máis de dez horas na cela de suxeición mecánica. As agresións producen lesións en cara e costado do corpo que constata o Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo..

R.N.L. presenta denuncia por estes feitos.

Actualmente R.N.L. está no Centro penitenciariode Zuera.

#### **Caso E.S.M.**

O **18 de marzo de 2015**, E.S.M. é agredido por funcionarios (F. entre outros) no módulo 14 con resultado dunha cella partida por golpe de porra (4 puntos de sutura) e hemorraxia producida por varias puñadas á vez que profiren insultos xenófobos (“xitano de merda”) . Despois é levado á cela 40 da galería 4ª (cela de suxeición) e alí os funcionarios propínanlle golpes con porras de goma por todo o corpo. Os servizos médicos limítanse a suturar a cella. Non examinan o resto do corpo.

E.S.M. manifesta ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo., que o visita varios días despois e constata as lesións producidas polos malos tratos, ter medo de que o maten.

A dirección do centro denégalle unha entrevista *vis-à-vis* co seu irmán epiléptico interno no mesmo cárcere. Funcionarios que rexistran a súa cela rómpenlle o aparello de televisión.

#### **Caso P.**

O **19 de marzo de 2015**, P., interno con 90% de minusvalía psíquica é agredido por varios funcionarios. Non constan máis datos.

A información é transmitida por outro interno (R.G.G.).

### **Caso F.J.G.M.**

En **decembro de 2015**, F.J.G.M. denuncia que 7 ou 8 meses antes (abril ou maio) cando estaba na chamada “milla verde” (galería curta do módulo 15) sufriu malos tratos continuos e chegou a ser torturado, aínda que nunca lle puxeron parte. Esta situación levouno a tentar suicidarse cortándose o pescozo cun estoque. Non conseguiu encontrar a vea e os funcionarios que estaban a observar o que acontecía no interior non entraron na cela até pasado bastante tempo limitándose entre tanto a exhortalo a tirar o estoque. Por causa deste intento de suicidio F.J.G.M. pasa 3 ou 4 meses, non pode precisar, na enfermaría en pésimas condicións.

Posteriormente, o Xulgado de Vixilancia penitenciaria concédelle o traslado ao réxime de vida do artigo 100.2 do Regulamento penitenciario e é transferido ao módulo 5.

O 27 de xaneiro de 2016 é trasladado a outro centro.

### **Caso F.M.F.**

O **25 de marzo de 2015**, F.M.F. denuncia ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo reiterados rexistros corporais, nalgún caso con raios X, despois de entrevistas *vis-à-vis* ( 17 de novembro, 8 de decembro, 19 de xaneiro, 16 de febreiro, 23, 16 marzo e 13 abril ).

Indica que por estes feitos presentou denuncia nos xulgados de Pontevedra.

Actualmente está no cárcere de Estremera.

### **Caso A.V.M.**

A.V.M., de nacionalidade dominicana, denuncia ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo ter sido agredido por funcionarios que o obrigan a permanecer espido e deitado no chan mentres lle propinan golpes no peito e nas plantas dos pés.

O Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo. constata días despois lesións no corpo e a inflamación dun nocello como resultado evidente de golpes.

### **Caso A.M.C.S.**

Trátase dun interno con 68% de discapacidade mental, practicamente analfabeto.

En xuño foi interrogado por vídeo-conferencia por representantes de Institucións Penitenciarias en relación cun episodio de torturas sufridas no mes de abril.

Os días **1, 2 e 3 de xuño de 2015** A.M.C.S. é agredido por funcionarios do penal. Recibe a primeira malleira o 1º de xuño ás 12:00 horas e, en protesta pola agresión, traga pilas, láminas de barbear, etc. Ás 17:00 é levado ao hospital, onde permanece até as 02:30 do día seguinte. Despois pide o alta no hospital e á chegada ao cárcere a subdirectora médica da prisión envía a isolamento. O día 2 négase a ir á enfermaría e é novamente golpeado por funcionarios. E o mesmo sucede o día 3.

O **09 de xuño de 2015** novamente varios funcionarios do penal mallan nel despois de o alxemaren. Máis tarde é conducido á temida cela 40 e alí volven bater nel.



Os días **1 e 2 de setembro de 2015** A.M.C.S. volve ser agredido por varios funcionarios que despois lle aplican suxeición mecánica.

O **9 de outubro de 2015** é torturado por funcionarios en presenza doutros internos (neganse a prestar testemuño por temor a represalias).

O **11 de novembro de 2015**, sobre as 09:00, dous funcionarios proceden a facer unha inspección da súa cela (só na súa en toda a galería) antes de deixalo saír ao patio. Protesta por esta medida discriminatoria e un funcionario golpéao cunha luva. El agarra o funcionario por un brazo. Despois sae ao patio con dous compañeiros e aos 5 minutos chegan varios funcionarios. Sácanos do patio, alxémano e agrídeno. Despois lévanos á temida cela 40 onde o amarran deitado boca abaixo e lle poñen unha manta mollada por riba. Varios funcionarios baten coas porras por todo o corpo, mesmo nas plantas dos pés. É obrigado a permanecer na cela 40 até pasada a hora do comer, sobre as 14:00h, sen recibir atención médica.

Finalmente, o **17/11/2015**, cando xa transcorreran seis días e os hematomas eran xa moi pouco visíbeis é examinado por unha médica, á que A.M.C.S. describe as torturas a que foi sometido. Ela non fai caso, alegando que tiña que ter sido examinado o día dos feitos. Sobre as 16:00 chama a súa muller e cando está a falar con ela, un funcionario ameázao. A muller e a nai, que está tamén no outro lado da liña, ouven as ameazas.

Posteriormente os funcionarios poñen parte disciplinario. A.M.C.S. cre que a orixe de tantas agresións hai que buscalo na relación familiar que unía dous funcionarios do penal coa vítima do seu delito. O mesmo día da súa chegada ao cárcere da Lama, xa o agrediran estes dous funcionarios.

Por todos estes feitos presenta denuncia en novembro de 2015.

Nestes momentos A.M.C.S. está no cárcere Sevilla II (Morón de la Frontera) despois de pasar polo penal de Soto del Real.

### **Caso M.A.B.C.**

No mes de **xuño de 2015**, M.A.R.C. denuncia ante o Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo que é sometido constantemente a inspeccións corporais integrais e escáneres despois das entrevistas *vis-à-vis*. E o mesmo acontece á súa parella despois das visitas. Tamén denuncia malos tratos e graves deficiencias sanitarias do centro.

### **Caso E.**

No mes de xullo, segundo testemuño recollido doutro interno, varios funcionarios agríden un preso árabe coñecido como Yusé con resultado de 2 costelas partidas. Despois deste episodio o preso é trasladado á prisión de Bonxe.

### **Caso L.J.J.**

O **8 de setembro de 2015** L.J.J. é golpeado por funcionarios da prisión por protestar pola pouca medicación que se lle proporciona. Lévanos á cela 40. A médica encargada de atendela, a pesar de ver que está amarrado, nin sequera olla para el. L.J.J. . Non quere presentar denuncia por temor a represalias.

### **Caso R.A.S.**

O **31 de decembro de 2015**, R.A.S., con VHC, 84% minusvalia física/sensorial (cego) é agredido por funcionarios que lle dan unha malleira, lévano ao módulo de isolamento e aplícanlle o réxime 91.3. Anteriormente R.A.S. denunciara os funcionarios por estaren bébedos, entraren obxectos prohibidos (tablets, ...) e por malos tratos. No cárcere da Lama denunciou o equipo técnico (ante Institucións Penais e o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria) e os servizos médicos (ante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria).

Posteriormente é trasladado ao cárcere de Soto del Real, onde inicia unha folga de fame.

### **Caso M.A.C.S.**

O **19 de xaneiro de 2016**, M.A.C.S. informa do delicado estado de saúde en que se encontra: VHC e cirrose en fase terminal. A pesar das promesas extraoficiais de excarceración continúa en prisión por falta de casas de acollida. Quere presentar queixa a Xulgado de Vixilancia Penitenciaria pola medicación do VHC (Sovaldi).

O **20 de abril 2016** é trasladado á prisión de Dueso.

### **Caso S.G., J.P.G., S.G..**

O **27 de abril de 2016**, Institucións Penitenciarias ordena a dispersión carceraria de S.G. e os seus irmáns, J.P.G. e S.G., en prisión provisional na Lama desde o día 12. A decisión é adoptada horas antes de que o titular do xulgado de Instrución 3 de Cangas, David Pérez Laya, ditase un novo auto de prisión, nesta ocasión para o cuarto dos irmáns M.G.

O pai, Ou.G., permanece no Hospital Provincial de Pontevedra dados os seus problemas de saúde.

O catro irmáns foran clasificados como presos FIES, de especial seguimento.

S.G. é trasladado ao centro penitenciario asturiano de Villabona; S.G., a Monterroso en Lugo e J.P. ao penal coruñés de Teixeiro. O avogado, Marcos García Montes, mostra o seu malestar por ser informado deste feito só tres horas antes de que o xuíz decretase a prisión comunicada sen fianza para M.G..

### **Caso J.A.P.D.**

Élle denegada comunicacións con dúas persoas. Unha delas é P., do colectivo *Nais contra a Impunidade*.

Inicia unha folga de fame o 1 de agosto de 2016.

## **3.- Mortes**

### **Caso I.J.P.**

O **9 de decembro de 2005**, I.J.P. é achada morta na súa cela, vítima segundo parece de intoxicación medicamentosa. Non se sabe se debido a un acto voluntario ou accidental.

A morte prodúcese só quince días despois de que a Comisión de Denuncia de Galiza protestase diante do centro penitenciario polo elevado número de mortes que ocorren no seu interior e reclamase unha investigación independente das circunstancias que provocan estas mortes.

### **Interno non identificado**

O **11 de febreiro de 2008** transcende que os funcionarios atoparon morto na súa cela un dos internos do módulo 3. O interno podería ter cometido suicidio mediante esganamento.

### **Caso M.C.**

O **17 de decembro de 2008**, M.C. apareceu esganado na súa cela. Enseguida Institucións Penitenciarias, por boca da súa máxima dirixente na altura, dona Mercedes Gallizo, congratúlase da baixa taxa de suicidios nos cárceres do Estado Español (dezaseis en 2008, cuarenta no ano 2007) subliñando a ausencia de indicios de que o penado M.C. puidese ter optado por provocar a súa propia morte e xustificando así a Sra. Gallizo que non tivese sido incluído no programa de prevención de suicidios (Instrución 14/2005 ).

Como factores especiais de risco apúntanse nesta Instrución a existencia de conflitos familiares graves e o cambio da situación penitenciario ou procesual do penado. Todos estes factores concorían no caso do preso M.C. Mais non foi incluído no programa de prevención de suicidios. Só tres días despois , na mesma prisión, con circunstancias obxectivas análogas (das subxectivas sería temerario opinar) , outro preso ingresado por suposta comisión de feitos de violencia machista era incluído no programa de prevención de suicidios sen dúbidas.

### **Caso R.R.**

O **3 de novembro de 2010** transcende a morte de R.R.

Descoñecemos as circunstancias en que se produciu a morte.

### **Caso J.V.P.**

O **20 de decembro de 2010** morre J.V.P.

Descoñecemos as circunstancias en que se produciu a morte.

### **Caso E.G.S .**

Entre os días **2 e 3 de maio de 2014**, EGS., de 48 anos, morre na cela de isolamento onde fora recluído en castigo por ter no seu poder a carta do avogado dun colectivo de defensa dos dereitos das persoas presas.

E.G.S. levaba xa tres anos na Lama. Estaba en segundo grao e no prazo dun ano estaría en condicións de pasar a terceiro grao, co cal se lle abrirían as portas do cárcere, cando menos para saír de permiso.

Unha semana antes da morte informa ao seu irmán Luís, que reside en Canarias, que vai ser posto en réxime de isolamento. O irmán, que detecta a situación de angustia de E.G.S., ponse de inmediato en contacto coa traballadora social e a psicóloga. Máis tarde consegue falar tamén co subdirector, que corta a comunicación de maneira brusca despois de afirmar que non se proporciona

ningún tipo de información por vía telefónica. Pasados dous días, a familia recibe a noticia do falecemento.

Dez días máis tarde a familia continúa sen coñecer as causas do falecemento de E.G.S. Descartada a morte por violencia, esperan o resultado da autopsia para confirmar algunha das hipóteses entre as que contemplan como posibles (sobredoses ou infarto). “En calquera dos dous casos, o cárcere sería responsábel por descoido. Se foi un infarto, E. non podería ter recibido axuda de ninguén por estar en isolamento e, se foi sobredose, non hai razón para que unha persoa isolada poida ter acceso a esa cantidade de drogas”, sinala Luís. Se E.G.S., de quen o aviso familiar había alertado á dirección do cárcere da súa delicada situación, continuase en segundo grao habería algún compañeiro preto e pode ser que a morte se evitase, valora o irmán.

Non era a primeira vez que EGS. recibía un castigo na Lama. Entre as pertenzas que a familia recibiu despois da morte están os partes dos que fora protagonista ao longo de tres anos. “Encontro medidas como un castigo de catro fins de semana encerrado por falar cun veciño de cela desde a xanela ou vinte días de isolamento por dar un golpe na porta da cela desde dentro... son medidas tan desproporcionadas que o único efecto que teñen é converter o preso nun ser sen personalidade ou nun rebelde”, relata Luís G.

“O historial de denuncias por abusos ao subdirector de seguranza chegaba de lonxe. O meu irmán faloume en días anteriores das medidas represivas que se empregaban e dos abusos que se cometían. Por iso tiña a carta do avogado, porque el quería contribuír a loitar contra eses malos tratos que reciben os presos” (Luís G.)

En novembro de 2015 a Audiencia de Pontevedra estima o recurso de apelación contra o arquivo ditado nos autos DP 1084/2014 do Xulgado de Instrución núm. 3 de Pontevedra seguidos pola morte de EGS .

O xulgado de instrución acordara o arquivo despois de recibir o resultado da autopsia (case un ano despois do falecemento de E.G.S.) sinalando que o relatorio afirmaba que a morte fora derivada dunha patoloxía cardíaca e sen atender as dilixencias de proba instadas pola representación da familia.

O auto de audiencia (714/2015) sinala que aínda que a autopsia parece descartar que a morte fose dolosa, a investigación do xuíz instrutor é suficiente para excluír outras infraccións penais que puidesen existir e que non foron obxecto de dilixencias probatorias a pesar de petición expresa da familia no proceso. Así poderían existir delitos de omisión do deber de socorro ou de homicidio imprudente e mesmo de rigor innecesario. Non podemos esquecer que E.G.S., que mantiña unha traxectoria penitenciaria sen incidente en segundo grao (aínda que sen renunciar á reivindicación dos seus dereitos como preso) fora recluído no módulo de isolamento poucos días antes da morte sen que até hoxe se coñezan os motivos desta decisión, desatendendo o xulgado instrutor a petición da acusación particular sobre este extremo.

Á data , continúan as dilixencias. O Instituto de Medicamento Legal Delegación de Pontevedra sinala en informe que o estado de saúde de E.G.S. previo á súa morte facía innecesario un seguimento extraordinario. As actuacións están pendentes do relatorio fiscal , sen que se solicitasen as testificais demandadas pola acusación particular.

### **Caso preso marroquí**

En **xuño de 2014** (descoñecemos a data exacta) morre na prisión da Lama un preso marroquí. Todos os indicios apuntan a que se trata de M.B., preso que, despois dun intento de fuga,

foi amarrado espido á cama de suxeición onde permaneceu durante 3 días. Sometido a continuos baños con auga fría e outras torturas, M.B. tería enfermado de pneumonía por hipotermia e a agravación do seu estado podería ter sido a causa da morte en xuño de 2014.

#### **Caso B.M.G.**

O **7 de marzo de 2015** aparece esganado B.M.G. no módulo número 14 de primeiro grao, morto entre as 13:00h e as 16:00h. Participaba activamente na campaña *Cárcere=Tortura* e estaba sometido a continuos desprazamentos por animar outros reclusos a tomar parte das mobilizacións contra as prisións.

Persoas achegadas a B.M.G., descartan a versión oficial do suicidio mediante esganamento por non compadecerse coa boa autoestima do preso.

#### **Caso M.G.D.D.**

O **26 de setembro de 2015**, sobre as 04:20 faleceu na súa cela M.G.D.D a consecuencia dunha reacción adversa a varios fármacos que non tiña prescritos facultativamente. A nai presenta reclamación patrimonial por anormal funcionamento dos servizos públicos. Reclamación actualmente en trámite.

#### **Caso R.A.B.**

O **7 de outubro de 2015**, sobre as 15:50, falece R.A.B. no Hospital Provincial de Pontevedra, onde fora trasladado desde a enfermaría do penal da Lama por unha reacción adversa a fármacos. A nai presenta reclamación patrimonial por anormal funcionamento dos servizos públicos.

#### **Caso A.S.C.V.**

O **19 de xaneiro de 2016** falece A.S.C.V. aos 24 anos, na súa cela. As autoridades investigan se se trata dun suicidio ou dunha morte por consumo de metadona adulterada. Persoas achegadas ao preso sosteñen que consumía a droga consciente do seu mal estado coa intención de acabar coa súa vida, pois levaba xa moitos meses «moi abatido e deprimido».

Ignoramos que medidas tomaría, se as tomou, a dirección do centro para evitar esta situación e o seu previsíbel desenlace.

## **4.- Condicións de vida no interior do penal**

### **4.1. Péxima calidade da asistencia sanitaria e alimentación insana**

En materia de asistencia sanitaria, destacan o prolongado período que as persoas internas deben agardar para poderen ser examinadas por especialistas en psiquiatría e odontoloxía. Ignora o noso Observatorio as condicións do sistema de prestación de servizos destes profesionais (convenio co SERGAS, convenio persoal ,...) mais en todo caso, é inadmisíbel que persoas sen ningunha alternativa sanitaria sufran listas de espera de meses para consultar cos citados profesionais.

Non cabe descoñecer o elevado número de penados que teñen pautada medicación psiquiátrica, así como a frecuencia con que os médicos de asistencia primaria da Sanidade penitenciaria modifican as citadas pautas, polo que unha asistencia especializada puntual devén

esencial e, de non existir, supón unha efectiva denegación do dereito á saúde da persoa presa.

Mención á parte merece a problemática das persoas que padecen Hepatite C e non poden acceder aos novos fármacos (Sovaldi), así como a mobilización social dentro e fóra do penal contra esta manifesta violación do dereito á saúde.

#### **4.2. Graves deficiencias nas estruturas con repercusión sobre a vida das persoas internas**

En materia de infraestruturas, os penados que se achán clasificados en primeiro grao, réxime de vida pechado, segunda fase, módulo XV, durante o tempo que gozan regulamentarmente de patio (catro horas) só teñen acceso a unha zona descuberta, o que determina que, dada a climatoloxía de Galiza no inverno, en numerosas ocasións este dereito non poida ser exercido. Non se instalou ningunha estrutura material para solucionar este problema. A posibilidade de pór a disposición dos penados unha sala interior para substituír o patio en días de climatoloxía adversa tamén foi rexeitada.

Estes feitos, graves para calquera penado, sono máis para aqueles cuxo réxime de vida comporta unha limitación de actividades en común, dado que estas á súa vez veñen restrinxidas polas deficiencias estruturais para a súa goce, co negativo impacto no tratamento dos penados.

No mes de agosto de 2015, os patios do módulo de isolamento núm. 15 foron completamente cercados de reixas.

A isto hai que sumar as reiteradas queixas polas baixas temperaturas do interior do penal nos meses de inverno, unha circunstancia que se ve agravada pola prohibición para os internos clasificados en 1º grao de vestir pezas como gorros, luvas, bragas ou carapuchas.

Quere destacar o noso Observatorio que a aposta da Institución Penitenciarias polos chamados módulos convivenciais ou de respecto non debe facer esquecer as necesidades tratamentais do conxunto de penados e, particularmente, daqueles en primeiro grao de tratamento.

#### **4.3. Inexistencia de programa de actividades**

Igualmente, o noso Observatorio tivo coñecemento de que non hai un programa de actividades para os presos clasificados en primeiro grao de tratamento, concretamente, os que se achán no citado módulo XV. Ausencia dun programa de actividades que ten unha indubidábel repercusión negativa nas persoas presas que, polo seu grao de clasificación, máis precisadas están de actividades tratamentais.

#### **4.4. Vulneración do dereito a comunicación**

Son constantes as queixas de internos a colectivos de avogados relativas a vulneración do dereito á comunicación. Algúns (entre eles A.P.R., F.M.F ., R.N.L., L.B.G) presentaron queixa ante o xulgado de Vixilancia Penitenciaria por restrición sistemática de publicacións concretas, con resultado negativo.

Consta o caso dunha filla que non puido visitar á súa nai, interna no penal, durante 6 meses.

Dous internos presentaron denuncia ante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e o Comité de Ética do Hospital Provincial a imposibilidade que padecen as persoas presas ingresadas na

Unidade de Acceso Restringido do Hospital de Pontevedra (UAR) de comunicarse co exterior por vía telefónica.

J.A.P.D. , actualmente en folga de fame (desde o día 1º de agosto), non pode comunicar por teléfono co exterior.

Tamén son reiteradas as queixas relativas ao trato humillante que reciben as familias nas visitas.

## 5.- Actuacións parlamentares

O **8 de maio de 2012**, o deputado Carlos Aymerich Cano (BNG) presenta ante a Mesa do Parlamento Galego pregunta sobre a grave deterioración dos dereitos no penal da Lama, citando tres casos concretos: o de J.J. N.R., trasladado á enfermaría despois de supostamente ter sido vítima de duros malos tratos por varios funcionarios de centro; o de R.F.P., a quen se suprimiu arbitrariamente a medicación pautada -o que provocou a perda de 20 kgs. de peso- e a quen se encerrou despois nunha cela de confinamento solitario ; e o de R.A.B., suposta vítima dunha dura agresión por parte de varios funcionarios do centro e tamén encerrado despois en confinamento solitario sen atención médica.

O día **10 de outubro de 2014** a deputada Rosana Pérez Fernández (BNG) rexistra unha pregunta na Mesa do Congreso sobre a atención e o respecto aos dereitos humanos das persoas que cumpren condena os centros penitenciarios do estado español en que fai referencia explícita á situación de E.S. do P., en folga de fame, e ás denuncias de diversos colectivos que velan pola salvagarda dos dereitos das persoas presas. O goberno responde o día 20 de novembro negando calquera irregularidade no tratamento dispensado a E.S. do P. e omite contestar o resto das cuestións.

En **novembro de 2014** as deputadas Carmen Acuña e Montse Prado (Grupo Socialista e BNG respectivamente) realizan varias chamadas ao director do cárcere para informarse sobre a situación de E.S. do P.. O director da prisión non atende as chamadas.

Tamén en **novembro de 2014** a deputada Consuelo Martínez (Grupo Mixto), solicita á dirección do centro poder visitar o interno. A petición é denegada. Posteriormente cursa solicitude á Subsecretaría Xeral de Relacións Institucionais e Coordinación Territorial, organismo que igualmente denega a entrevista alegando que a visita debería ser solicitada polo propio preso.

O **12 de marzo de 2015** as deputadas Carmen Acuña e Patricia Vilán (Grupo Socialista) solicitan ante Santiago Villanueva, Delegado do Goberno central en Galicia, visitar os cárceres de Teixeiro e A Lama para coñecer directamente as queixas das persoas internas. Leste traslada a solicitude á Secretaría Xeral de Institucións Penais, dependente do Ministerio do Interior. O 7 de abril a subdirectora xeral de Relacións Institucionais e Coordinación Territorial deste departamento, Mercedes Belaustegui, denega a solicitude.

O **13 de abril de 2015** as deputadas Carmen Acuña, Carmen Gallego e María Quintas (Grupo Socialista) solicitan ante as Comisións Institucional e de Sanidade do Parlamento de Galiza a formación dunha delegación destes órganos para visitar "cada un dos centros penitenciarios" do país, coñecer en primeira man e "dar resposta a diversas preocupacións recibidas" sobre o seu estado e o tratamento da poboación recluída.

O **16 de novembro de 2015** a deputada Tereixa Paz (BNG) presenta na Comisión de

Xustiza e Interior do Parlamento Galego unha Proposición non de Lei para reclamar medidas contra a “vulneración dos dereitos fundamentais” dun interno agredido por un xefe de servizo e 5 funcionarios no cárcere de Teixeiro o 6 de novembro de 2015 en represalia por protestas no módulo 15 centradas na desatención médica e sanitaria mesmo de persoas con trastornos psiquiátricos diagnosticados.

Galiza, setembro 2016